

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA - IGAPE E A CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS E NAVEGACIÓN DE A CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE PROMOCIÓN INDUSTRIAL DE A CORUÑA E A SUA ÁREA DE INFLUENCIA (PPI)

No ano 2010, a Cámara de Comercio da Coruña elaborou un Plan estratéxico de Promoción Industrial (PPI) para A Coruña e a súa área de influencia, co apoio de varias entidades colaboradoras, e co obxectivo de que servise de folia de ruta para revitalizar o atractivo da zona para a localización de iniciativas industriais con potencial innovador, de xeración de emprego e de crecemento, así como mellorar a competitividade das industrias xa instaladas.

Entre os seus obxectivos específicos figuraba o desenvolvemento de instrumentos operativos para levar a cabo dita promoción industrial e, en concreto, a creación e posta en marcha dunha Oficina de Promoción Industrial, para abordar de xeito proactivo a promoción e atracción de investimentos. Dita oficina actuaría como promotora, informadora e controladora do adecuado seguimento da execución do Plan Estratéxico de Promoción Industrial, facilitando ás empresas industriais a súa implantación no área.

Entre as funcións da Cámara, de acordo ao disposto na Lei 5/2004 de Cámaras de Comercio galegas, está o propoñer aos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia cantas reformas ou medidas consideren necesarias ou convenientes para o fomento do comercio, a industria, os servizos e a navegación, así como colaborar na elaboración, desenvolvemento, execución e seguimento dos plans que se deseñen para o incremento da competitividade do comercio, a industria, os servizos e a navegación.

Pola súa banda, o IGAPE xerou a Axenda de Competitividad Galicia: Industria 4.0, que é o Plan Director de Industria de Galicia, na que se recollen os plans de impulso, enfoques estratéxicos e medidas a desenvolver entre 2015 e 2020 en aras da modernización industrial, con visión Industria 4.0, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

A misión do IGAPE é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

Dada a confluencia de intereses e de acordo co anteriormente sinalado, o IGAPE e a Cámara de Comercio da Coruña consideran adecuado e necesario desenvolver unha estratexia de promoción industrial coordinada, á vez que alineada e enmarcada coas

principais estratexias relacionadas coa promoción industrial e coa atracción de investimentos a nivel rexional, nacional e comunitario.

No caso galego, o devandito marco estaría composto fundamentalmente pola Axenda de Competitividade Industrial: Galicia Industria 4.0 e polos plans de atracción de investimento estranxeiro da Xunta de Galicia.

O instrumento elixido para formalizar esta colaboración é un acordo marco sin contido económico inicial, no que as partes asinantes manifestan o súa disposición colaborativa e a súa materialización en beneficio mutuo.

Asdo. Norberto Penedo Rey
Director da Area de Competitividade do IGAPE